



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro nº 1. E-mail:  
[mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com](mailto:mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com)  
36995. Poio (Pontevedra). Tfº 986770001. Fax  
986771277  
Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CINCUENTA E OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA CINCO DE XULLO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día cinco de xullo de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Xosé L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. María Alicia Martínez González, D<sup>a</sup>. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. María Celeste Nieto García, D. Ángel Moldes Martínez, D. Juan José Rodríguez Grandal, D<sup>a</sup>. María del Mar Villaverde Rosales, D. Alberto Villaverde Méndez e D. Manuel Domínguez Álvarez; asiste en calidade de Interventora D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez; asiste como Secretario Xeral D. Jacobo Barreiro Pimentel, reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3539.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de 30 de xuño de 2011, de conformidade co disposto no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986 e artigo 4.a) do Regulamento Orgánico Municipal e vistas as propostas dos distintos Grupos Políticos, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello que se celebren as sesións ordinarias do Pleno unha vez ao mes, coincidindo co último martes, excepto o do mes de agosto que non se propón pleno ordinario; propoñéndose que a hora sexa ás 19 horas e 30 minutos (7,30 da tarde); se

coincidira en día festivo trasladarase ao día seguinte hábil á mesma hora; propoñéndose igualmente que as funcións de control que corresponden ao Pleno se realicen ao remate de cada Pleno no capítulo de Rogos, Preguntas e Interpelacións, conforme ao artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal.

A Corporación por unanimidade acordou aprobar dita proposta.

3540.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN E PERIODICIDADE DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de 30 de xuño de 2011, de conformidade co disposto no artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal e as propostas dos Grupos Políticos, esta Alcaldía propón ao Pleno a aprobación da creación das seguintes comisións informativas coa seguinte periodicidade: Comisión Municipal de Urbanismo.- realizaranse todos os martes de cada semana ás oito horas (8,00 da mañá); Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas.- realizaranse o terceiro luns de cada mes, ás oito horas (8.00 da mañá); Comisión Municipal de Educación, Cultura e Deportes.- realizaranse o segundo mércores de cada mes, ás oito horas (8,00 da mañá); Comisión de Seguimento do Plan Especial de Combarro e Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio.- realizaranse as sesións o último martes de cada mes ás nove horas (9,00 da mañá).

A Corporación por dez votos a favor (8 do BNG e 2 do PSOE), 7 votos en contra do PP, por non coincidir coa proposta que o Grupo Municipal do Partido Popular presentou a través do Rexistro Xeral, acordou aprobar dita proposta.

3541.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Dáse conta á Corporación dos escrito presentado polos voceiros dos tres grupos municipais que tiveron entrada no Rexistro Xeral con data 29 e 30 de xuño de 2011 no que propoñen a seguinte designación de membros para formar parte das Comisións Informativas Permanentes:

Proposta do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas: Titulares: Xosé L. Martínez Blanco, José Angel Lodeiro Cancela, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Resto de Concelleiros. Comisión Informativa de Urbanismo: Titulares: Xosé L. Martínez Blanco, José Angel Lodeiro Cancela e M<sup>a</sup> Alicia Martínez González Suplentes: Resto de Concelleiros. Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes: Titulares: Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro e M<sup>a</sup> Alicia Martínez González Suplentes: Resto de Concelleiros. Comisión Informativa de Seguemento do Plan Especial de Combarro: Titulares: Nargarita Caldas Moreira, José Angel Lodeiro Cancela e M<sup>a</sup> Alicia Martínez González Suplentes: Resto de Concelleiros.

Proposta do Grupo Municipal Socialista: Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas: Titular: Gregorio L. Agís Gómez Suplente: M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores Comisión Informativa de Urbanismo: Titular: Gregorio L. Agís Gómez Suplente: M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes: Titular: Gregorio L. Agís Gómez Suplente: M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores Comisión Informativa de Seguemento do Plan Especial de Combarro: Titular: Gregorio L. Agís Gómez Suplente: M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores.

Proposta do Grupo Municipal do Partido Popular: Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas: Titulares Javier Domínguez Lino, Juan José Rodríguez Grandal e Alberto Villaverde Méndez Suplentes: Resto de Concelleiros. Comisión Informativa de Urbanismo: Titulares: Celeste Nieto García, María del Mar Villaverde Rosales e Manuel Domínguez Álvarez Suplentes: Resto de Concelleiros. Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes: Titulares: Ángel Moldes Martínez, Alberto Villaverde Méndez e Juan José Rodríguez Grandal Suplentes: Resto de Concelleiros. Comisión Informativa de Seguemento do Plan Especial de Combarro: Titulares: Javier Domínguez Lino, Ángel Moldes Martínez e Juan José Rodríguez Grandal Suplentes: Resto de Concelleiros.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de 30 de xullo de 2011, de conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 e o disposto nos Regulamentos Municipais e vistas as propostas dos tres Grupos Políticos, esta Alcaldía propón a aprobación dos representantes propostos que formarán parte das distintas Comisións Informativas Permanentes.

A corporación por unanimidade acordou aprobar dita proposta.

3542- PROPOSTA DA ALCADÍA DE APROBACIÓN DOS REPRESENTANTES DOS CONSELLOS MUNICIPAIS DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL, MULLER, CULTURA E DEPORTES.- Dáse conta á Corporación dos escrito presentado polos voceiros dos tres grupos municipais que tiveron entrada no Rexistro Xeral con data 29 e 30 de xuño de 2011 no que propoñen a seguinte designación de membros para formar parte nos Consellos Municipais de Participación Veciñal, Muller, Cultura e Deportes e que son os que seguen:

Proposta do grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: Consello de Participación Veciñal: Titular: Xulio Barreiro Lubián Suplente: Xosé Luís Martínez Blanco Consello Municipal de Cultura: Titular: Alicia Martínez Blanco Suplente: Margarita Caldas Moreira; Consello Municipal da Muller: Titular: Silvia Díaz Iglesias Suplente: Alicia Martínez González Consello Municipal de Deportes: Titular: José Ángel Lodeiro Cancela

Suplente: Xosé Luís Martínez Blanco.

Proposta do Grupo Municipal Socialista: Consello de Participación Veciñal: Titular: Consuelo Besada Lores Suplente: Gregorio Luís Agís Gómez Consello Municipal de Cultura: Titular: Consuelo Besada Lores Suplente: Gregorio Luís Agís Gómez; Consello Municipal da Muller; Titular: Consuelo Besada Lores Suplente: Gregorio Luís Agís Gómez Consello Municipal de Deportes: Titular: Consuelo Besada Lores Suplente: Gregorio L. Agís Gómez.

Proposta do Grupo Municipal do Partido Popular: Consello de Participación Veciñal: Titular: Ángel Moldes Martínez Suplente: Manuel Domínguez Álvarez; Consello Municipal de Cultura: Titular: Alberto Villeverde Méndez Suplente: Juan José Rodríguez Grandal; Consello Municipal da Muller: Titular: M<sup>a</sup> del Mar Villaverde Rosales Suplente: Celeste Nieto García Consello Municipal de Deportes: Titular: Ángel Moldes Martínez Suplente: M<sup>a</sup> del Mar Villaverde Rosales.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de 30 de xuño de 2011, de conformidade co disposto no artigo 38 c) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o disposto nos Regulamentos Municipais e vistas as propostas dos tres Grupos Políticos, esta Alcaldía propón a aprobación dos representantes propostos no Consello de Participación Veciñal, no Consello Municipal da Muller, Consello Municipal de Deportes e no Consello de Cultura.

A corporación por unanimidade acordou aprobar dita proposta.

3543- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE PONTEVEDRA-MORRAZO.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de 30 de xuño de 2011, segundo os Estatutos da Asociación de Desenvolvemento Rural de Pontevedra- O Morrazo e de conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, proponse ao Pleno o nomeamento como representante titular na Asociación de Desenvolvemento Rural de Pontevedra a D. Luciano Sobral Fernández que terá a condición de Vicepresidente 2º e como representante suplente a D<sup>a</sup>. Lidia Salgueiro Piñeiro.

Non suscitándose debate ningún e sometido á votación a proposta da alcaldía de data 30 de xuño de 2011 esta quedou aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP.

3544.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A DESIGNACIÓN DE

REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA.- De conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, propónse ao Pleno o nomeamento como representantes titulares na Mancomunidad Terras de Pontevedra a D. Luciano Sobral Fernández e a D. Xosé Luís Martínez Blanco.

Non suscitándose debate ningún e sometido á votación a proposta da alcaldía de data 30 de xuño de 2011 esta quedou aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP.

3545.- PROPOSTA DE COMPOSICIÓN MESA DE CONTRATACIÓN E DESIGNACIÓN DE MEMBROS.- Dáse conta da proposta da alcaldía de data 30 de xuño de 2011 e que di o seguinte: "Ao amparo do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e artigo 21 e ss do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos PROPÓNSE ao Pleno a composición da Mesa de Contratación cos seguintes membros titulares:

Presidente Sr. Alcalde ou concelleiro que o substitúa.

Vogais

Secretario Xeral

Interventora Municipal

Funcionario ou asesor/a especializado segundo a natureza do asunto a tratar.

Un Concelleiro de cada un dos Grupos Políticos, podendo substituílo calquera concelleiro do Grupo Político.

Secretaria: Xefa do Negociado de Contratación ou persoal que dependa do órgano de contratación.

Todos os membros da mesa terán voz e voto, a excepción do secretario e do/a funcionario/a ou asesor/a que soamente terán voz."

A corporación por unanimidade acordou aprobar a devandita proposta e designar como representantes de cada grupo político aos que seguen:

Representante do BNG: Titular D. Xosé L. Martínez Blanco e como suplente resto de concelleiros

Representante do PP: Titular D. Javier Domínguez Lino e como suplente resto de concelleiros.

Representante do PSOE.: Titular D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores e como suplente resto de concelleiros

3546.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GRUPO POLÍTICO E DESIGNACIÓN DE VOCEIROS/AS.- Dáse conta do escrito da alcaldía do 30 de xuño de 2011, de Conformidade co disposto nos artigos 25 do RD. 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento das Entidades Locais e 75 da Lei 5/1997, do 22 de

xullo, de Administración Local de Galicia, dáse conta á Corporación que, segundo escritos presentados quedan constituídos os seguintes Grupos Políticos:

Grupo Político do BNG, integrado polos oito concelleiros e actuando como voceira D<sup>a</sup>. Silvia Díaz e como voceiro suplente D.Xulio Barreiro Lubián.

Grupo Político do P.P. integrado polos sete concelleiros e actuando como voceiro D. Javier Domínguez Lino e como voceiro suplente D. Ángel Moldes Martínez

Grupo Político do PSdeG-PSOE integrado polos dous concelleiros e actuando como voceira D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores e como voceiro suplente D. Gregorio Luis Agís Gómez.

A corporación dáse por enterada.

3547.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.- Dáse conta da proposta da alcaldía de data 30 de xuño de 2011, de conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 esta Alcaldía propón como representante titular a D. Luciano Sobral Fernández e como representante suplente a D<sup>a</sup>. Lidia Salgueiro Piñeiro, para ostentar a representación no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Así mesmo esta alcaldía propón como representante técnico titular deste Concello no devandito Fondo a D<sup>a</sup>. Ana Campos Comín e como representante técnico suplente a D<sup>a</sup>. Helena Martínez Epifanio.

Non suscitándose debate ningún e sometido á votación a proposta da alcaldía de data 30 de xuño de 2011 esta quedou aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP.

3548.- DAR CONTA DA MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA E NOMEAMENTO NOVOS COMPOÑENTES DA XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 30 de xuño de 2011 e que di o seguinte: "De conformidade co disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986 aprobado por Real decreto 2568/1986 e de conformidade co establecido no no artigo 5.1.d) do Real decreto 1087/2010, do 3 de setembro, polo que se aproba o regulamento que regula as Xuntas Locais de Seguridade ACORDO modificar a resolución ditada por esta alcaldía o 13 de abril de 2011 e nomear en calidade de vogais a D. Xosé L. Martínez Blanco, Concelleiro Delegado de Persoal e D<sup>a</sup>. Lidia Salgueiro Piñeiro, Concelleira

Delegada de Benestar Social e Igualdade en substitución de D. Francisco Piñeiro Murillo e D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González, quedando o resto da composición de igual forma que se especifica na resolución antedita.”

A Corporación dáse por enterada.

3549.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DA CONSTITUCIÓN, COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTO DELEGACIÓNS ESPECIAIS, NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE, NOMEAMENTO PRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E DELEGACIÓN DAS PRESIDENCIAS DOS CONSELLOS MUNICIPAIS.- Dáse conta á Corporación das Resolucións da Alcaldía de data 30 de xuño de 2011 e que son as que seguen:

Resolución da Alcaldía da Constitución, Composición da Xunta de Goberno Local: “De conformidade co disposto nos artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e segundo a modificación introducida polo artigo 1 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local (B.O.E. do 17 de decembro de 2003), 52, 53 e 112 do ROF e R.X. das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, (modificación pola entrada en vigor da Lei 57/2003) e 15 e 16 do Regulamento orgánico municipal, resolvo crear a Xunta de Goberno Local, que terá as atribucións que lle asigne a lexislación e as que corresponden a esta Alcaldía consonte ao artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro), que sexan susceptibles de delegación, incluídas as do parágrafo 1 j) do devandito artigo, as correspondentes ao artigo 24 do RDLex, 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido de réxime local que sexan delegables, así como as sinaladas no artigo 16 do regulamento orgánico municipal, realizándose as sesións ordinarias todos os luns ás trece horas e trinta minutos (13,30), designando como membros da mesma, ademais do Sr. Alcalde aos concelleiros seguintes: D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores, D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luís Martínez Blanco, D. Gregorio L. Agís Gómez, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira.”

Resolución da Alcaldía das Delegacións Especiais: “De conformidade co disposto nos artigos 43, 44, 114 a 118 do ROF e RJ das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986, e artigo 23.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, veño en nomear como Delegados Especiais, para a dirección interna e xestión dos servizos correspondentes, aos concelleiros seguintes:

D. XULIO BARREIRO LUBIÁN  
Delegado de Urbanismo  
Instrutor de expediente de infraccións urbanísticas.

D<sup>a</sup>. ALICIA MARTÍNEZ GONZÁLEZ  
Delegada de Educación

D. XOSÉ LUIS MARTÍNEZ BLANCO

Delegado de Turismo e Patrimonio  
Delegado de Persoal  
Delegado de Seguridade Cidadá

D. SILVIA DÍAZ IGLESIAS  
Delegada de Cultura

D. JOSE ANGEL LODEIRO CANCELA  
Delegado de Servizos  
Delegado de Sanidade, Consumo e Mercados.

D<sup>a</sup>. MARGARITA CALDAS MOREIRA  
Delegada de Deportes.  
Delegada de Festexos

D<sup>a</sup>. LIDIA SALGUEIRO PIÑEIRO  
Delegada de Benestar Social e Igualdade

D<sup>a</sup>. CONSUELO BESADA LORES  
Delegada de Obras  
Delegada de Pesca e Marisqueo

D. GREGORIO L. AGÍS GÓMEZ  
Delegado de Medio Ambiente  
Delegado de Promoción Económica  
Delegado de Xuventude"

Resolución da Alcaldía de nomeamento de Tenentes de Alcalde:  
"De conformidade co disposto nos artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, do artigo 62 da Lei 5/97, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e do artigo 46.1 do ROF e RJ , das entidades locais, veño a designar como Tenentes de Alcalde, que me substitúan nos casos de ausencia, vacante ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións:

Primeira Tenente de Alcalde: D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores  
Segundo Tenente de Alcalde: D. Xulio Barreiro Lubián.  
Terceiro Tenente de Alcalde: D. Xose L. Martínez Blanco  
Cuarta Tenente de Alcalde: D. Gregorio L. Agís Gómez  
Quinto Tenente de Alcalde: D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira"

Resolución do Alcalde de Delegación das Presidencias das Comisións Informativas Permanentes: "De conformidade co disposto no artigo 125 do ROF e RJ das Entidades Locais e



artigo 21 do Regulamento Orgánico Municipal, esta Alcaldía vén en designar como Presidentes das Comisións Informativas Permanentes aos seguintes membros cada unha delas:

Comisión Municipal de Urbanismo.- D. Xulio Barreiro Lubián.  
Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas.- D. Xulio Barreiro Lubián.

Comisión Municipal de Educación, Cultura e Deportes.- D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias.

Comisión de Seguimento do Plan Especial de Combarro e Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio.- D. Xosé Luis Martínez Blanco."

Resolución do Alcalde de Delegación das Presidencias dos Consellos Municipais: "De conformidade co disposto nos artigo 21.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigos 43, 44 e 114 a 118 do ROF e RJ das entidades locais, do 28 de novembro, así como o previsto nos regulamentos municipais, esta Alcaldía delega permanentemente a Presidencia do Consello Municipal da Muller na Concelleira D<sup>a</sup>. Lidia Salgueiro Piñeiro; presidencia do Consello Municipal de Cultura na Concelleira D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias e a presidencia do Consello Deporte Municipal á Concelleira D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira."

A Corporación dáse por enterada das Resolucíons da Alcaldía de data 30 de xuño de 2011.

3550.- DAR CONTA DO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA XUNTA DIRECTIVA DO GRUPO DE ACCIÓNS COSTEIRA GAC-6 RIA DE PONTEVEDRA.- Dáse conta da Resolución do Alcalde de data 30 de xuño de 2011, de conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 esta Alcaldía DECRETO

Primeiro.- Delegar na Concelleira Delegada de Pesca D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores a representación na Xunta Directiva do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra quedando como suplente D. Luciano Sobral Fernández e como representante Técnico á Axente de Emprego e Desenvolvemento Local D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Suarés Aspérez e á Técnico de Aperturas.

Segundo.- Dar traslado da presente resolución aos interesados e ao Grupo de Acciós Costeira.

A Corporación dáse por enterada.

3551.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DOS REPRESENTANTES NA COMISIÓN MIXTA, CONSORCIO-CONCELLO E CONSELLO ESCOLAR DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.- Dáse conta da Resolución do Alcalde de data 30 de xuño de 2011 e que di o que segue: "Visto o escrito de data 17 de xuño de 2011 que tivo entrada neste Concello o 22 de xuño de 2011,

núm. 3601 remitido polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no que solicita a designación dun representante deste Concello para formar parte da Comisión Mixta Consorcio-Concello e de dous representantes para o Consello Escolar e de conformidade co disposto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais esta ALCALDÍA acorda:

Designar a esta Alcaldía como representante titular e D<sup>a</sup>. Alicia Martínez González representante suplente, na Comisión Mixta Consorcio-Concello.

Designar a D<sup>a</sup>. Alicia Martínez González, que ostentará a presidencia en Delegación desta Alcaldía e D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias como 2<sup>a</sup> representante para formar parte do Consello Escolar."

A Corporación dáse por enterada.

3552.- APROBACIÓN DAS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS DOS MEMBROS DAS CORPORACIÓNS ASÍ COMO O RÉXIME DAS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 28 de xuño de 2011 e que di o que segue: "Con relación a determinación das dedicacións exclusivas e parciais dos membros da Corporación así como o réximen das asignacións por asistencias e asignacións a grupos políticos, co fin de que se procedan a aprobar no Pleno constitutivo a celebrar se PROPÓN o seguinte:

Primeiro: se propón a aprobación das seguintes adicacións exclusivas e parciais:

a) Sr.Alcalde: Luciano Sobral Fernández: dedicación exclusiva: retribución bruta anual de 30.925,86€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réximen Xeral da Seguridade Social.

Ademais se propón aprobar o carácter retroactivo da proposta de Alcaldía de data 13 de xuño na que se propoñía aprobar a dedicación exclusiva do Alcalde con data 13 de xuño cunhas retribucións brutas anuais de 30.925,86€

b) Sra.Tenente de Alcalde: Consuelo Besada Lores: dedicación exclusiva: retribución bruta anual de 30.925,58€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réximen Xeral da Seguridade Social o día de celebración da sesión plenaria, o 5 de xullo.

c) Sra. concelleira delegada de Cultura: Silvia Díaz Iglesias, dedicación parcial: retribución bruta anual de 12.195,54€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réximen Xeral da Seguridade Social o día de celebración da sesión plenaria, o 5 de xullo.

d) Sra. concelleira delegada de Benestar e igualdade: Lidia Salgueiro Piñeiro dedicación parcial: retribución bruta

anual de 12.195,54€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réximen Xeral da Seguridade Social o día de celebración da sesión plenaria, o 5 de xullo.

Segundo: en virtude do exposto no artigo 75.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que establece que os membros das Corporacións locais poderán percibir indemnizacións na contía que acorde o Pleno da Corporación, e que o artigo 13.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 novembro, prevé a facultade dos membros das Corporacións de percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos organismos colexiados de que formen parte, na contía que se sinale o Pleno desta tendo sempre en conta a incompatibilidade existente entre a percepción destas indemnizacións e o feito de poseer unha dedicación exclusiva ou parcial.

Así, en canto as indemnizacións por asistencias a Xunta de Goberno Local, Comisións informativas e Pleno se manteñen as contías previstas na base 54ª de execución do Orzamento do exercicio 2011:

A) Por cada asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local:

-Vocais: 76 euros/sesión.

Indemnizarase, como máximo, cincuenta e dúas sesións ó ano

a) Por cada asistencia a sesións de Comisións informativas.

- Presidente: 60,80Euros/sesión

- Vocais: 38 Euros/sesión

Indemnizarase, como máximo, doce sesións ó ano, agás á Comisión de Urbanismo que se indemnizarán cincuenta e dúas sesións ó ano, como máximo.

C) Por asistencia a sesión do Pleno

- Delegados : 152 Euros/sesión.

- Resto de concelleiros: 76 Euros/sesión.

Indemnizarase, como máximo, doce sesións anuais.

Terceiro: en canto as asignacións a grupos políticos se manteñen tamén as contías previstas na base 54ª de execución do Orzamento do exercicio 2011 que ascenden a 152€/mes para cada grupo político mais a adicional de 152€ mensuais por cada concelleiro do grupo."

Consta no expediente informe da Interventora Municipal de data 28 de xuño de 2011.

O Sr. Domínguez Lino explica que o Grupo Municipal do Partido Popular vai votar en contra da aprobación das dedicacións exclusivas e parciais propostas pola Alcaldía porque non se adapta a súa proposta presentada por Rexistro na que propoñen unha dedicación exclusiva para o Alcalde e 2 dedicacións parciais así como a periodicidade das sesións das comisións informativas de urbanismo e xuntas de goberno así como a redución de membros das mesmas.

A Sra. Besada Lores explica que as Concellerías nas que ella é responsable necesitan unha dedicación diaria e o que non pode facer é ir traballar e despois pasarse polo Concello e ao ter tanta dedicación necesita un soldo.

Sometido á votación a proposta da alcaldía esta quedou aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención acordando igualmente aprobar o carácter retroactivo da proposta de Alcaldía de data 13 de xuño na que se propoñía aprobar a dedicación exclusiva do Alcalde con data 13 de xuño cunhas retribucións brutas anuais de 30.925,86€

3553.- DESIGNACIÓNS DE MEMBROS NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL, CONSELLOS ESCOLARES E IES DE POIO.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 30 de xuño de 2011 e que di o que segue: "De conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, propónse ao Pleno o nomeamento como representante do Concello nos cinco Consellos Escolares de Educación Primaria, Escolas Infantiles e Consello Escolar do IES de Poio a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Alicia Martínez González e como representante suplente a D/D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias."

Non subscitándose debate ningún e sometido á votación a proposta da alcaldía de data 30 de xuño de 2011 esta quedou aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta de todo o que eu, Secretario, dou fe.